

Orientacións

Abordaxe administrativa de condutas contrarias ás normas de convivencia

Outubro 2015

Control de versións

Versión	Modificacións	Data de publicación
1.0	Versión inicial	Outubro 2015
2.0	Actualización á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.	02/05/2017

Índice

1. Introducción.....	5
2. Consideracións xerais	6
Que elementos hai que ter en conta para a gradación na determinación das condutas e as súas medidas de corrección?	6
Pódese establecer a reparación de danos?	6
Pode facerse uso da mediación escolar?	7
3. Condutas leves contrarias á convivencia e a súa corrección.....	8
Cales son as condutas leves contrarias á convivencia?	8
Pódese considerar como falta leve unha conduta que non se atope definida previamente no Decreto 8/2015 ou nas normas de convivencia do centro?.....	8
Que medidas correctoras proceden en caso de condutas leves contrarias á convivencia?	8
Quen é competente para a aplicación destas medidas?	9
Pódense impoñer medidas correctoras diferentes destas?.....	9
Cando prescriben as condutas leves contrarias á convivencia?	9
Pode facerse uso da mediación escolar?	9
Hai que facer resolución por escrito ou consignar algunha destas medidas?.....	10
A efectos de estimar condutas gravemente prexudiciais por reiteración de condutas leves contrarias á convivencia, que período se considera?.....	10
De canto tempo se dispón para a xestionar as condutas leves contrarias á convivencia?	10
Cando prescriben as medidas correctoras?	10
4. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e a súa corrección.....	11
Cales son as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia?	11
Que actuacións hai que realizar para a comunicación de incidencias susceptibles de ser consideradas condutas gravemente prexudiciais para a convivencia?	11
Cando prescriben estas condutas?	12
Que medidas correctoras proceden en caso de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia?	12
Poden facerse averiguacións previas?	13
Como se tramita a incoación do expediente?.....	13
Que medidas provisionais se poden adoptar e cando?.....	14
Que son os dereitos de abstención e recusación? Quen os exerce? En que prazo?	14
4.1 Procedemento conciliado.....	15
Que casos son susceptibles de procedemento conciliado?	15
Que requisitos de aceptación ten o procedemento conciliado?	15
Unha vez que se acepta o procedemento conciliado, como se desenvolve?	15
Que pasa se non se chega a un acordo ou este non se acata?	16
Que particularidades ten o uso da mediación na corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no procedemento conciliado?	16
4.2 Procedemento común.....	17
Que trámites ten que facer o/a instrutor/a do procedemento e de que prazo dispón?.....	17
Que é o trámite de audiencia, para que serve e cando ten lugar?	17
Unha vez realizado o trámite de audiencia, que actuacións restan?	18
Como se tramita, de ser o caso, a proposta de cambio de centro?	18
Pode a dirección estimar feitos ou propoñer medidas diferentes das que figuran na proposta da persoa instrutora?	19
As medidas correctoras establecidas pola dirección na resolución definitiva, son inmediatamente executivas? Cabe revisión?	19
Cal é o prazo máximo para todo o proceso, sen ter en conta as actuacións que suspenden o cómputo de prazos?	19

Que pasa se durante a instrución do procedemento prescribe a conduta?	19
Que pasa se o procedemento caduca?	19
Cando prescriben as medidas correctoras?	19
5. Compromisos de convivencia.....	20
6. Consideracións sobre posibles condutas constitutivas de ilícito penal.....	21
7. Garantías en materia de confidencialidade e protección de datos.....	22
8. Sobre as responsabilidades inherentes á patria potestade ou á tutela	24
9. Consideracións sobre os centros privados concertados.....	25
10. Marco xurídico	26

1. Introducción

O obxectivo das presentes orientacións é facilitar información complementaria sobre o procedemento administrativo asociado á abordaxe de condutas contrarias ás normas de convivencia, de acordo co establecido no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 27 de xaneiro).

Concretamente o artigo 28.2 do citado decreto establece que:

Facilitaranse igualmente modelos normalizados para a tramitación dos procedementos de corrección de condutas contrarias á convivencia ou, de ser o caso, para a tramitación de calquera outro procedemento en materia de convivencia.

No caso particular das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, dado o axustado dos prazos que a normativa impón ao obxecto de garantir unha resposta educativa e formativa eficaz o máis inmediata posible, resulta necesario contar con indicacións claras sobre o procedemento.

Para dar cumprimento á dita encomenda do xeito máis efectivo posible facilítanse os pertinentes modelos normalizados, co acompañamento das referencias e comentarios aos preceptos normativos sobre procedemento administrativo nos que se fundamentan, en aras dun aproveitamento máis áxil, coherente e efectivo.

2. Consideracións xerais

Que elementos hai que ter en conta para a gradación na determinación das condutas e as súas medidas de corrección?

Haberá que ter en conta especialmente o establecido no artigo 34 do decreto:

- a) *O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.*
- b) *A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.*
- c) *A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.*
- d) *A natureza dos prexuízos causados.*
- e) *O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciadora desta vulnerabilidade.*

Con carácter xeral, non obstante, rexerá o principio de proporcionalidade establecido no artigo 29 da Lei 40/2015, ao respecto do principio de proporcionalidade na potestade sancionadora da administración:

Na determinación normativa do réxime sancionador, así como na imposición de sancións polas administracións públicas, deberase gardar a debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada, considerándose especialmente os seguintes criterios para a gradación da sanción que se aplique:

- a) *A existencia de intencionalidade ou reiteración.*
- b) *A natureza dos prexuízos causados.*
- c) *A reincidencia, por comisión no prazo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza cando así fose declarado por resolución firme.*

Pódese establecer a reparación de danos?

Segundo o establecido no artigo 35 do decreto, o alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e materiais dos centros, incluídos os equipamentos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou tutores legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

Cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais, deberá repararse o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos, e de acordo co que determine a resolución que imponha a corrección da conduta.

Pode facerse uso da mediación escolar?

Segundo o establecido no artigo 26 do decreto, a mediación é unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos en que unha terceira persoa axuda as partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas as dúas.

Sen prexuízo dos procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, regulados expresamente no capítulo IV do título III deste decreto, os centros poderán utilizar a mediación como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquera conflito entre membros da comunidade educativa.

O plan de convivencia incluírá as directrices para a creación dos equipos de mediación, as características do seu funcionamento e as pautas de actuación que se seguirán para derivar un caso de conflito cara a mediación.

Nos supostos menos graves de situación de acoso, favorecerase a mediación realizada por alumnado do centro educativo que obtivese formación e cualificación para a intervención nestas situacións.

3. **Condutas leves contrarias á convivencia e a súa corrección**

Cales son as condutas leves contrarias á convivencia?

Son as definidas no artigo 42 do Decreto 8/2015:

- a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificadas da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto.*
- b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constituía conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15 da Lei 4/2011.*
- c) A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.*
- d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.*
- e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.*

Pódese considerar como falta leve unha conduta que non se atope definida previamente no Decreto 8/2015 ou nas normas de convivencia do centro?

Non. O artigo 4 do Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado polo Real decreto 1398/1993 establece que só poderán sancionarse infraccións administrativas delimitadas por lei anterior á súa comisión e, no seu caso, graduadas polas disposicións regulamentarias que os desenvolvan.

Que medidas correctoras proceden en caso de condutas leves contrarias á convivencia?

Segundo o establecido no artigo 43 do decreto as medidas correctoras de aplicación son:

- a) Amoestación privada ou por escrito.*
- b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados.*
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.*
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.*
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.*
- f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.*
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.*

h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

Quen é competente para a aplicación destas medidas?

Na aplicación de medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia hai diferentes persoas competentes para a súa aplicación segundo o seguinte cadro:

Medida	Docente	Titor/a	Xef. estudos	Dirección
▪ Amoestación privada ou por escrito.	X	X	X	X
▪ Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados.	X	X	X	X
▪ Realización de traballos específicos en horario lectivo.	X	X	X	X
▪ Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.		X	X	X
▪ Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.			X	X
▪ Cambio de grupo por un período de ata unha semana.			X	X
▪ Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.				X
▪ Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.				X

Pódense impoñer medidas correctoras diferentes destas?

Non. As medidas correctoras impostas por condutas leves contrarias á convivencia, deberán ser susceptibles de ser encadradas en algún dos supostos previstos no artigo 43 do decreto.

Cando prescriben as condutas leves contrarias á convivencia?

Segundo o artigo 56 do decreto, estas condutas prescriben nun mes. O cómputo do prazo comezará a contar desde o día en que a conduta se levou a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada. Nese caso o prazo de prescrición non empezará a computar mentres esta non cese.

Pode facerse uso da mediación escolar?

Segundo o establecido no artigo 26 do decreto, os centros poderán utilizar a mediación como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquera conflito entre membros da comunidade educativa.

Hai que facer resolución por escrito ou consignar algunha destas medidas?

As medidas g) e h) establecidas no artigo 43 do decreto requiren resolución expresa por escrito, que deberá ser comunicada á familia e á comisión de convivencia do centro. Logo desta notificación o afectado ou os seus representantes legais poderán solicitar por escrito, no prazo máximo de 2 días, revisión destas medidas. No caso de solicitarse esta revisión, a dirección emitirá unha nova resolución á maior celeridade ratificando ou rectificando as medidas impostas. Esta resolución pon fin ao procedemento e é inmediatamente executiva.

O resto das medidas non requiren de resolución expresa por escrito. Non obstante, no caso de entender que as condutas leves contrarias á convivencia que sancionan poderán ser tidas en conta a efectos de determinar unha posible falta grave por reiteración de condutas leves, haberá que facer facelo constar por escrito e comunicarllo ao/á afectado/a ou ás súas persoas responsables, segundo proceda.

A efectos de estimar condutas gravemente prexudiciais por reiteración de condutas leves contrarias á convivencia, que período se considera?

A reiteración ten que producirse dentro do mesmo curso escolar. Aquelas condutas leves contrarias á convivencia que non consten previamente por escrito non poderán ser estimadas a estes efectos.

De canto tempo se dispón para a xestionar as condutas leves contrarias á convivencia?

Dado que as condutas leves contrarias á convivencia prescriben no prazo dun mes desde a súa comisión, e que o decreto non establece que o inicio das actuacións suspenda, en modo algún, este prazo de prescrición; e tendo en conta, así mesmo, que non se establece caducidade de modo expreso, podemos considerar que o prazo máximo do que se dispón é dun mes.

Seguindo o establecido no artigo 6 do Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora (Real decreto 1398/1993):

Cando das actuacións previas se conclúa que prescribiu a infracción, o órgano competente acordará a non procedencia de iniciar o procedemento sancionador. Igualmente, se iniciado o procedemento se conclúse, en calquera momento, que tivera prescrito a infracción, o órgano competente resolverá a conclusión do procedemento, con arquivo das actuacións.

Non obstante, a determinación dos feitos e corrección, se procede, deberá facerse coa maior celeridade posible para que cumpra os obxectivos educativos e recuperadores, dando cumprimento ao establecido no artigo 32 do decreto.

Cando prescriben as medidas correctoras?

As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición, segundo se establece no artigo 56 do decreto.

4. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e a súa corrección

Cales son as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia?

Son aquelas condutas establecidas no artigo 38 do decreto:

- a) *As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.*
- b) *Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.*
- c) *Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.*
- d) *A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.*
- e) *As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.*
- f) *A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.*
- g) *Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.*
- h) *Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.*
- i) *As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.*
- j) *Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.*
- k) *A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.*
- l) *O incumprimento das sancións impostas.*

Que actuacións hai que realizar para a comunicación de incidencias susceptibles de ser consideradas condutas gravemente prexudiciais para a convivencia?

O profesorado do centro elaborará un documento que deberá conter, segundo se establece no artigo 37 do decreto, como mínimo os seguintes datos:

- a) *Lugar, data e hora da comisión da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.*
- b) *Descrición da acción ou omisión que determina a incoación do procedemento.*
- c) *A norma que se considere infrinxida, sen que esta mención implique a cualificación definitiva da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.*
- d) *Nome, apelidos, enderezo e datos académicos da alumna ou do alumno incurso/a no procedemento, e se non fose maior de idade, tamén os datos identificativos das persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e.*

e) De ser o caso, identificación das persoas que presenciaren a acción ou omisión que dá lugar ao procedemento ou que puidesen achegar datos de interese para a comprobación dos feitos.

f) Identificación e sinatura da persoa docente que elabore o documento.

O documento de constatación dos feitos elaborado polo profesorado considérase, agás proba en contrario, acreditación suficiente deles e, polo tanto, contará coa presunción de veracidade de acordo co establecido no artigo 11.2 da Lei 4/2011, de convivencia e participación da comunidade educativa.

Cando prescriben estas condutas?

Prescriben aos catro meses da súa comisión. Debemos ter en conta que a comunicación por escrito ao presunto infractor (ou aos seus representantes legais) da incoación de expediente motivado polas mesmas, suspende o cómputo deste tempo, que volverá a computar no punto onde quedou suspendido se o procedemento aberto caducase.

Que medidas correctoras proceden en caso de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia?

De acordo co artigo 39 do decreto, poderán aplicarse as seguintes medidas:

a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.

c) Cambio de grupo.

d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

f) Cambio de centro.

Débese ter en conta, non obstante, que aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) ou f) anteriores.

Poden facerse averiguacións previas?

A dirección do centro, unha vez que teña coñecemento dos feitos ou condutas que vaian ser corrixidos, se o considera necesario, poderá acordar a apertura dun período de información previa, co fin de coñecer con máis exactitude as circunstancias concretas en que se produciu a conduta que se vai corrixir, e a oportunidade ou non de aplicar o procedemento conciliado. Esta información previa deberá estar realizada no prazo máximo de dous días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos, de acordo co establecido no artigo 47 do decreto.

En todo caso, no prazo de tres días lectivos, contados desde que se tivo coñecemento da conduta presuntamente merecedora de corrección, a dirección do centro decidirá a procedencia ou non de incoar expediente e, de ser o caso, notificaralle esta por escrito ao alumno ou á alumna ou, de ser menor non emancipado/a, ás persoas proxenitoras ou representantes legais deste/a.

Como se tramita a incoación do expediente?

Cando se decide a procedencia de incoar expediente para a posible corrección dunha conduta gravemente prexudicial para a convivencia, deberá plasmarse nun documento que, segundo o establecido no artigo 13 do Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado polo Real decreto 1398/1993, constará, como mínimo, de:

- Identificación da persoa ou persoas presuntamente responsable/s.
- Os feitos sucintamente expostos que motivan a incoación do procedemento, a súa posible cualificación e as sancións que puideran corresponder, sen prexuízo do que resulta da instrución.
- Designación da persoa instrutora, con expresa indicación do réxime de recusación.
- Proposta, se procede, de resolución mediante o procedemento conciliado.
- Órgano competente para a resolución do expediente e norma que lle atribúe tal competencia, indicando a posibilidade de que o presunto responsable poida recoñecer voluntariamente a súa responsabilidade.
- Medidas de carácter provisional que se acordaran polo órgano competente para iniciar o procedemento corrector, sen prexuízo de que se poidan adoptar durante o mesmo.
- Indicación do dereito a formular alegacións e á audiencia no procedemento e dos prazos para o seu exercicio.

Deste acordo darase traslado á persoa instrutora, que se dará así por nomeada, xunto con cantas actuacións existan ao respecto.

De haber máis dun posible infractor, elaborárase un acordo de incoación para cada un deles ao obxecto de protexer a confidencialidade preceptiva, aínda cando a conduta ou omisión sexa conxunta e, polo tanto, sexa tramitada polo/a mesmo/a instrutor/a.

Así mesmo darase traslado deste acordo de incoación á persoa presuntamente responsable da conduta (ou aos seus representantes legais, de ser o caso) e á Inspección Educativa.

Que medidas provisionais se poden adoptar e cando?

Segundo o artigo 47.3 do decreto,

Ao iniciarse o procedemento ou en calquera momento da súa instrución, a dirección, á vista das repercusións que a conduta da alumna ou do alumno puidese ter na convivencia escolar, poderá adoptar as medidas correctoras provisionais que considere convenientes. As medidas provisionais poderán consistir no cambio temporal de grupo ou na suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases, actividades ou ao centro por un período que non será superior a tres días lectivos.

Segundo se establece no artigo 4 do Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado polo Real decreto 1398/1993, o cumprimento ou execución das medidas de carácter provisional ou das disposicións cautelares que, no seu caso, se adopten compensaranse, cando sexa posible, coa sanción imposta.

Que son os dereitos de abstención e recusación? Quen os exerce? En que prazo?

As autoridades e o persoal ao servizo das administracións en quen se dea algunha das circunstancias sinaladas no artigo 23 da Lei 40/2015 absteranse de intervir no procedemento e comunicaranllo ao seu superior inmediato, que resolverá o procedente. Estas circunstancias son:

- Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro na resolución do cal puidese influír a daquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.
- Ter parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.
- Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas na alínea anterior.
- Ter intervido como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.
- Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou terlle prestado nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia e lugar.

É importante a maior celeridade posible dado que os prazos legalmente previstos seguen correndo.

De acordo co artigo 24 da citada Lei 40/2015, nos casos previstos para a abstención, os interesados poderán promover recusación en calquera momento da tramitación do procedemento, mediante escrito no que se expresará a causa ou causas en que se fundan. No día seguinte, o recusado manifestaralle ao seu inmediato superior se se dá ou non nel a causa alegada. No primeiro caso, o superior poderá acordar a súa substitución deseguida. Se o recusado nega a causa de recusación, o superior resolverá no prazo de tres días, tras os informes previos e as comprobacións oportunas.

A recusación ten a natureza xurídica de incidente procedemental suspensivo, segundo o artigo 77 da mesma lei, polo que, no momento de ser solicitada a recusación, suspenderase o cómputo dos doce días legalmente establecidos en xeral, e dos cinco días de tramitación en particular.

4.1 Procedemento conciliado

Que casos son susceptibles de procedemento conciliado?

De acordo co establecido no artigo 49.2 do decreto, o procedemento conciliado poderá aplicarse de se cumpriren os seguintes requisitos:

- a) Que a alumna ou o alumno responsable dalgunha das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia recoñeza a gravidade da súa conduta, estea disposta ou disposto a reparar o dano material ou moral causado e se comprometa a cumprir as medidas correctoras que correspondan.*
- b) No caso de que haxa outros membros da comunidade educativa afectados pola súa conduta, que estes mostren a súa conformidade a acollerse ao dito procedemento.*

O artigo 49.3. establece que o procedemento conciliado non procederá nos seguintes casos:

- a) Cando se aprecie que a conduta presenta unha especial e notoria gravidade.*
- b) Cando a persoa agraviada ou, para o caso de alumnado menor de idade non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste non comuniquen a súa disposición a acollerse ao procedemento conciliado.*
- c) Cando a alumna autora ou o alumno autor da conduta ou, de ser menor de idade non emancipada/o, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e non comuniquen a súa disposición para acollerse ao procedemento conciliado.*
- d) Cando xa se fixese uso deste procedemento de corrección durante o mesmo curso escolar, coa mesma alumna ou co mesmo alumno, para corrixir unha conduta semellante.*

Que requisitos de aceptación ten o procedemento conciliado?

Este procedemento, que só poderá proporse cando se dean os requisitos previstos, deberá ser expresamente aceptado pola persoa cuxa conduta é, presuntamente, obxecto de corrección, ou polos seus representantes legais se procede.

Cando existan diferentes partes implicadas o procedemento deberá ser expresamente aceptado por todas elas (ou representantes legais segundo proceda), no prazo máximo dun día lectivo, de acordo co establecido no artigo 48 do decreto. Débese ter en conta que, para cada persoa presunta agresora seguirase un procedemento separado polo que é posible que, existindo, por exemplo, diferentes presuntos agresores ou agresoras, nuns casos se chegue a acordo sobre a utilización do procedemento conciliado, mentres que noutros se faga uso do procedemento común. A aceptación das diferentes partes refírese, por tanto, a cada un dos procedementos abertos.

De non pronunciarse expresamente por escrito algunha das partes ou ben, de non aceptar o procedemento conciliado, a corrección da conduta tramitarase mediante o procedemento común.

Unha vez que se acepta o procedemento conciliado, como se desenvolve?

Segundo o establecido no artigo 50.1 do decreto:

- Cando a alumna ou o alumno ou, de ser menor non emancipada/o, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e opten por corrixir a conduta polo procedemento conciliado, a dirección convocará a persoa docente designada como instructor/a do procedemento corrector e as persoas afectadas a unha reunión, no prazo máximo dun día lectivo contado desde o remate do prazo para a comunicación da opción elixida.*

Dado o axustado dos prazos pode resultar axeitado ter prevista esta reunión na incoación do expediente, de xeito que se axilice o proceso.

Seguindo o estipulado no artigo 50:

Na reunión, a persoa instrutora, que actuará como secretaria da reunión, recordarlles ás afectadas e aos afectados ou, de ser menor non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es que están a participar nun procedemento conciliado a que se someteron voluntariamente, e que iso supón acatar o acordo que derive deste. Tamén advertirá a alumna ou o alumno e, de ser o caso, as persoas ou representantes legais desta/e que as declaracións que se realicen formarán parte do expediente do procedemento corrector no suposto de que non se alcance a conciliación.

Posteriormente, a persoa instrutora exporá e valorará a conduta que é obxecto de corrección facendo fincapé nas consecuencias que tivo para a convivencia escolar e para os demais membros da comunidade educativa e, oídas as partes, proporá algunha das medidas correctoras para aquela conduta. A continuación, a persoa instrutora dará a palabra á alumna ou ao alumno e ás persoas convocadas para que manifesten as súas opinións sobre a conduta que se pretende corrixir e realicen as consideracións oportunas sobre a súa corrección.

A petición de desculpas por parte da alumna ou do alumno será tida en conta como circunstancia que condiciona a súa responsabilidade, á hora de determinar a medida correctora que se vaia adoptar.

Finalmente, as persoas participantes no procedemento deberán acordar a medida correctora que consideren máis adecuada para a conduta da alumna ou do alumno e, se procede, as medidas educativas reparadoras referidas no artigo 35 deste decreto.

Deberá quedar constancia escrita da conformidade coas medidas correctoras fixadas por parte do alumno ou da alumna autor/a da conduta e da persoa agraviada ou, de ser menor non emancipado/a, das persoas proxenitoras ou representantes legais deste/a.

O acordo consensuado polas partes será ratificado pola persoa que exerza a dirección do centro na propia acta da reunión.

Que pasa se non se chega a un acordo ou este non se acata?

O procedemento conciliado finalizará unha vez obtido o acordo entre as partes. No caso de que non se logre o acordo, continuarase a corrección polo procedemento común. O incumprimento por parte da alumna ou do alumno das medidas correctoras acordadas dará lugar á corrección da súa conduta mediante o procedemento común, de acordo co artigo 50 do decreto.

O cumprimento das accións reparadoras dará lugar á finalización do procedemento de corrección da conduta contraria á norma de convivencia, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 4/2011.

Que particularidades ten o uso da mediación na corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no procedemento conciliado?

No procedemento conciliado actuará unha persoa mediadora, de acordo co regulado no artigo 51 do decreto, na forma que se estableza nas normas de organización e funcionamento do centro.

A persoa mediadora non substituirá a instrutora do procedemento, senón que colaborará con ela para lograr o achegamento entre as persoas afectadas e o seu consenso na medida correctora que se vaia aplicar.

As funcións que poderá desempeñar a persoa mediadora neste procedemento serán as recollidas no artigo 51.3 do decreto:

- a) *Contribuír ao proceso de conciliación.*
- b) *Axudar a que cada unha das persoas afectadas comprenda cales son os intereses, necesidades e aspiracións das outras partes para chegar ao entendemento.*
- c) *Apoiar o adecuado cumprimento do acordado no procedemento conciliado.*

En todo caso, de non contar con mediadoras/es, a dirección do centro nomeará un/ha profesor/a que actúe como mediador/a, que non poderá ser, en ningún caso, nin a propia dirección do centro nin o/a instructor/a; podendo asignarse, entre outros á xefatura de estudos ou á xefatura do departamento de orientación, de non estar xa vinculados no procedemento.

4.2 Procedemento común

Que trámites ten que facer o/a instructor/a do procedemento e de que prazo dispón?

A persoa instrutora terá encomendadas, en virtude do artigo 48 do decreto, as seguintes funcións:

- a) *Practicar cantas dilixencias considere pertinentes para a comprobación da conduta do alumnado e para determinar a súa gravidade e o seu grao de responsabilidade.*
- b) *Custodiar os documentos e efectos postos á súa disposición durante a instrución.*
- c) *Propor á dirección do centro a adopción das medidas provisionais que considere pertinentes, as medidas correctoras que se vaian aplicar e, se proceden, as medidas educativas reparadoras.*
- d) *Propor á dirección do centro o arquivamento das actuacións se logo das indagacións realizadas considera que non procede corrixir a conduta.*

Ao obxecto de comprobar a conduta do alumnado poderá citar para entrevista a tantas testemuñas e implicados como considere, así como ás presuntas vítimas e/ou infractores, e aos seus representantes legais cando non sexan maiores de idade, non se atopen legalmente emancipados ou foran declarados incapaces mediante resolución xudicial.

No caso de non comparecer os representantes legais das alumnas e alumnos menores de idade ou incapacitados, sen prexuízo de que se tomen as medidas oportunas dada a obrigatoriedade das comparecencias, estes serán oídos sempre que teñan xuízo suficiente e, en todo caso, cando sexan maiores de doce anos. Nas entrevistas de menores, cando estes non se atopen asistidos polos seus responsables legais, de xeito EXCEPCIONAL a dirección do centro garantirá que sexa oído en condicións idóneas para a salvagarda dos seus intereses, sin interferencias doutras persoas, para o que será asistido polo seu titor ou titora, que velará polo seu benestar, sempre que o dito titor ou titora non sexa parte interesada ou actúe como instructor/a ou persoa mediadora.

A persoa instrutora disporá de cinco días lectivos para a instrución do procedemento corrector, contados a partir da súa designación, de acordo co establecido no artigo 53 do decreto, ao cabo dos cales formulará a súa proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou ao alumno.

Que é o trámite de audiencia, para que serve e cando ten lugar?

Finalizada a instrución do procedemento, e formulada a proposta de resolución, a persoa instrutora dará audiencia á alumna ou ao alumno e, se fose menor de idade non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, convocándoos a

unha comparecencia que terá lugar no prazo máximo de tres días lectivos contados a partir da recepción da citación.

Na citación, segundo se establece no artigo 19 do Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, á notificación acompañarase unha relación dos documentos que figuren no procedemento. Na referida comparecencia poderán acceder a todo o actuado e do resultado expedirse acta, na que constarán as alegacións resultantes, se procede, da audiencia.

Unha vez realizado o trámite de audiencia, que actuacións restan?

A persoa instrutora dará traslado de todo o actuado, así como a proposta de resolución e a acta resultante do trámite de audiencia e alegacións (se procede) á dirección do centro quen, á vista da proposta da persoa instrutora, ditará a resolución escrita prevista no artigo 54 do decreto, considerando polo menos, os seguintes contidos:

- a) Feitos probados.*
- b) De ser o caso, circunstancias que reduzan ou acentúen a responsabilidade.*
- c) Medidas correctoras que se vaian aplicar.*
- d) Posibilidade de solicitar ante o consello escolar, no prazo de dous días lectivos desde a recepción da resolución, a revisión da medida correctora imposta.*

A dirección do centro notificaralle por escrito á alumna ou ao alumno ou, de ser menor de idade non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e a resolución adoptada no prazo dun día lectivo a partir da recepción da proposta da instrutora ou do instrutor, e remitiraa á xefatura territorial correspondente, excepto no caso de proposta de cambio de centro, que requirirá de actuacións complementarias.

Como se tramita, de ser o caso, a proposta de cambio de centro?

A medida correctora de cambio de centro terá carácter excepcional e non poderá proporse ao alumnado que curse a ensinanza obrigatoria cando na localidade onde se sitúa o seu centro ou na súa localidade de residencia non exista outro centro docente que imparta as ensinanzas que curse.

A proposta de cambio de centro poderá supor o cambio de réxime, de modalidade ou de materia.

Cando a persoa instrutora dun procedemento corrector propoña á persoa responsable da dirección do centro a imposición a unha alumna ou a un alumno da medida correctora de cambio de centro, a dirección deberá comprobar que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 40 do decreto e, logo da comprobación de tales circunstancias, comunicará inmediatamente a proposta á xefatura territorial correspondente, con achega do expediente do dito procedemento corrector.

Por tratarse dunha actuación complementaria necesaria, interrómpese o cómputo do prazo previsto de doce días con carácter xeral para a resolución dos expedientes, en tanto a dirección do centro non reciba a preceptiva autorización.

A xefa ou o xefe territorial correspondente, logo de analizar o caso e tendo en conta o informe da Inspección Educativa, autorizará, de ser o caso, mediante resolución, a aplicación da medida correctora de cambio de centro. No caso de non ser autorizada a proposta, a dirección do centro deberá modificala e aplicar outras medidas correctoras.

En ambos casos a resolución definitiva da dirección será comunicada aos afectados e aos seus representantes legais, de ser o caso.

Pode a dirección estimar feitos ou propoñer medidas diferentes das que figuran na proposta da persoa instrutora?

Cando a dirección do centro considere feitos, achegas ou medidas diferentes das consignadas na tramitación do expediente pola persoa instrutora, para maior garantía do alumnado cuxa presunta conduta será corrixida, a dirección dará un novo trámite de audiencia considerando estas actuacións como complementarias ao procedemento, sempre coa maior celeridade. Da súa proposta dará traslado aos afectados, que poderán facer as alegacións oportunas nun procedemento similar ao establecido con carácter xeral para a instrución do expediente.

Por tratarse dunha actuación complementaria necesaria, interrómpeuse o cómputo do prazo previsto de doce días con carácter xeral para a resolución dos expedientes desde o día que se produce a citación para a entrevista ata que se produce a audiencia da nova proposta de resolución.

As medidas correctoras establecidas pola dirección na resolución definitiva, son inmediatamente executivas? Cabe revisión?

Si. As correccións que se impoñan por este procedemento serán inmediatamente executivas e poñen fin á vía administrativa. Non obstante, a persoa afectada ou os seus representantes legais poden solicitar a revisión por parte do consello escolar, por escrito, segundo o establecido no artigo 54 do decreto. O consello escolar emitirá un informe á vista do cal a dirección do centro ratificará ou rectificará as medidas impostas orixinariamente, toda vez que non é vinculante.

Cal é o prazo máximo para todo o proceso, sen ter en conta as actuacións que suspenden o cómputo de prazos?

A resolución do procedemento notificarase á nai ou ao pai, á titora ou ao titor legal da alumna ou do alumno, ou á propia alumna ou alumno se fose maior de idade, nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento.

Que pasa se durante a instrución do procedemento prescribe a conduta?

Deberá procederse ao arquivo das actuacións segundo o previsto no artigo 6 do Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora da administración (Real decreto 1398/1993).

Que pasa se o procedemento caduca?

Haberá que iniciar, desde o principio, un novo procedemento, non podendo entenderse nada por actuado.

Cando prescriben as medidas correctoras?

As medidas correctoras previstas para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón, segundo se establece no artigo 56 do decreto.

5. Compromisos de convivencia

En todos os casos de condutas contrarias á convivencia, mesmo cando non haxa conciliación por non ser aceptadas as desculpas pola persoa ou persoas prexudicadas, poderase suspender a aplicación das medidas correctoras adoptadas se a alumna ou o alumno corrixida ou corrixido ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e asinan un compromiso educativo para a convivencia, segundo o regulado no artigo 55 do decreto.

Nun compromiso educativo para a convivencia deberá figurar de forma clara e detallada a que se compromete a alumna ou o alumno ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, e as actuacións de formación para a convivencia, prevención e de modificación de condutas, que aquelas/es se comprometen a levar a cabo, persoalmente ou mediante a intervención de institucións, centros docentes ou persoas adecuadas. Igualmente, deberán constar os mecanismos de comunicación e coordinación co centro.

A falta de cumprimento dos compromisos adquiridos por parte da alumna ou do alumno ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e determinará a aplicación inmediata das medidas correctoras suspendidas.

Cada centro educativo poderá concretar nas súas normas de organización e funcionamento o procedemento para acordar co alumnado corrixido e, de ser o caso, coas persoas proxenitoras ou representantes legais deste, compromisos educativos para a convivencia segundo o previsto neste artigo 55.

6. Consideracións sobre posibles condutas constitutivas de ilícito penal

Para o caso de comisión de condutas que se deriven en actos que puidesen ser constitutivos de ilícito penal manifesto, a dirección do centro, a instancia propia ou de calquera membro da comunidade educativa, deberá poñelo en coñecemento da Administración educativa, dos corpos de seguridade ou do Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas preventivas oportunas, de acordo co establecido no artigo 33 do decreto.

Para isto cursará a notificación no modelo normalizado previsto, por triplicado, á Inspección Educativa, aos servizos de familia e benestar e ao Ministerio Fiscal, con indicación expresa dos notificados e a solicitude de información expresa sobre as actuacións practicadas en materia penal.

De acordo co establecido no artigo 7 do Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado polo Real decreto 1398/1993, se se estima que existe identidade de suxeito, feito e fundamento entre a infracción administrativa e a infracción penal que puidera corresponder, o órgano competente para a resolución do procedemento acordará a súa suspensión ata que se conte con resolución xudicial. En todo caso, os feitos declarados probados por resolución xudicial penal firme vinculan aos órganos administrativos respecto dos procedementos sancionadores que substancien.

Dado que o procedemento queda suspendido, os prazos a efectos de caducidade do expediente e prescrición da conduta quedan tamén suspendidos.

7. Garantías en materia de confidencialidade e protección de datos

A Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, establece na súa disposición adicional vixésimo terceira que:

Os centros docentes poderán recoller os datos persoais do seu alumnado que sexan necesarios para o exercicio da súa función educativa. Ditos datos poderán facer referencia á orixe e ambiente familiar e social, a características ou condicións persoais, ao desenvolvemento e resultados da súa escolarización, así como a aquelas outras circunstancias cuxo coñecemento sexa necesario para a educación e orientación dos alumnos.

Os pais ou tutores e os propios alumnos deberán colaborar na obtención da información á que fai referencia este artigo. A incorporación dun alumno a un centro docente suporá o consentimento para o tratamento dos seus datos e, no seu caso, a cesión de datos procedentes do centro no que estivera escolarizado con anterioridade, nos termos establecidos na lexislación sobre protección de datos. En todo caso, a información á que se refire este apartado será a estritamente necesaria para a función docente e orientadora, non podendo tratarse con fins diferentes ao educativo sen consentimento expreso.

No tratamento dos datos do alumnado aplicaranse normas técnicas e organizativas que garantan a súa seguridade e confidencialidade. O profesorado e o resto do persoal que, no exercicio das súas funcións, acceda a datos persoais e familiares ou que afecten á honra e intimidade dos menores ou a súas familias quedará suxeito ao deber de sigilo.

A cesión dos datos, incluídos os de carácter reservado, necesarios para o sistema educativo, realizarase preferentemente por vía telemática e estará suxeita á lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal. No caso da cesión de datos entre Comunidades Autónomas ou entre estas e o Estado, as condicións mínimas serán acordadas polo Goberno coas Comunidades Autónomas, no seo da Conferencia Sectorial de Educación.

De acordo co establecido no artigo 53 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, no que respecta aos principios éticos, establécese que os funcionarios e funcionarias gardarán secreto das materias clasificadas ou outras cuxa difusión estea prohibida legalmente e manterán a debida discreción sobre aqueles asuntos que coñezan por razón do seu cargo, sen que poidan facer uso da información obtida para beneficio propio ou de terceiros, ou en prexuízo de interese público.

O artigo 10 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, regula o deber de segredo, establecendo que os responsables do procesado e almacenamento de datos (incluídos aquí os que derivan do proceso de corrección), e quen interveña en calquera fase do tratamento de datos de carácter persoal, están obrigados ao segredo profesional respecto dos mesmos e ao deber de gardalos, obrigacións que subsistirán aínda despois de finalizar a súa relación co titular do ficheiro e, no seu caso, co responsable do mesmo.

Pola propia natureza do proceso, os datos de carácter persoal manexados serán estritamente confidenciais, estando obrigados todos os empregados públicos que interveñen no proceso ao deber de segredo e sigilo profesional. Así mesmo, as partes implicadas, entendendo aquí os menores e os seus representantes legais, así como calquera persoa que interveña no proceso a instancia de parte, deberá manter a debida confidencialidade sobre os datos persoais que poidan manexarse durante a tramitación, garantindo o dereito á intimidade e á honra de todos os intervenientes.

O artigo 13 do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, ao respecto do tratamento de datos de menores de idade, establece que en ningún caso poderán recabarse do menor datos que permitan obter información sobre os demais membros do grupo familiar, ou sobre as características do mesmo, como os datos relativos á actividade profesional dos proxenitores, información económica, datos sociolóxicos ou calquera outros, sen o consentimento dos titulares de tales datos; o que deberá ser tido en conta nos procesos de averiguación.

Por todo isto é moi importante que os responsables da tramitación do proceso aporten a cada un dos intervenientes o menor número posible de datos persoais sobre o resto de implicados que garanta o efectivo exercicio dos dereitos que os asisten, actuando como salvagarda dos intereses de todas as partes.

8. Sobre as responsabilidades inherentes á patria potestade ou á tutela

A non comparecencia sen causa xustificada das alumnas ou dos alumnos ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais delas/es, ou ben a negativa a recibir comunicacións ou notificacións, non impedirá a continuación do proceso de corrección, tal e como se regula no artigo 37 do decreto, sempre que se cumpran os requisitos previstos con carácter xeral para as notificacións establecidos na Lei 39/2015.

As audiencias e comparecencias das nais e pais ou das titoras ou titores legais do alumnado menor de idade nos procedementos regulados no capítulo IV do título III do decreto, son obrigatorias para elas e eles, e a súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades competentes en materia de protección da infancia e servizos sociais, para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela, en cumprimento do artigo 27 da Lei 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. A estes efectos poderá entenderse reiteración cando esta desatención manifesta se constate, cando menos, en dúas ocasións dentro do mesmo trámite do procedemento.

No caso de proxenitores legalmente separados, divorciados ou non unidos en vínculo de matrimonio, cando ningún dos dous fora privado da patria potestade, as notificacións practícaranse simultaneamente aos dous proxenitores, segundo as indicacións da Inspección Educativa, para maior garantía e salvagarda dos dereitos do menor.

9. Consideracións sobre os centros privados concertados

De acordo co establecido na disposición adicional terceira do Decreto 8/2015, os centros privados concertados adaptarán as presentes orientacións, así como os modelos que se achegan e a documentación complementaria, ao establecido na súa normativa específica.

10. Marco xurídico

- Constitución española e Estatuto de autonomía de Galicia.
- Lei 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.
- Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.
- Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Lei 27/2005, do 30 de novembro, de fomento da educación e a cultura da paz.
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, coas modificacións introducidas pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Lei 7/2007, de 12 de abril, do estatuto básico do empregado público.
- Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade (3 de maio de 2008).
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.